

GREGO II

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

ALCIBÍADES ANIMA AOS ATENIENSES A LOITAR.

Τῆ δὲ ὑστεραία Ἀλκιβιάδης ἐκκλησίαν ποιήσας παρεκελεύετο αὐτοῖς ὅτι ἀνάγκη εἶη καὶ ναυμαχεῖν καὶ πεζομαχεῖν καὶ τειχομαχεῖν· Οὐ γὰρ ἔστιν, ἔφη, χρήματα ἡμῖν, τοῖς δὲ πολέμοις ἀφθονα παρὰ βασιλέως.

NOTA.- εἶη: optativo oblicuo, tradúzase por un tempo pasado de modo indicativo.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS:

- 1.- Relación entre a obra de Xenofonte e a de Tucídides.
- 2.- ¿Que sabe de Alcibíades?
- 3.- ¿Que desenlace e consecuencias tivo o conflito entre Atenas e Esparta?
- 4.- Analice sintácticamente: Οὐ γὰρ ἔστιν, ἔφη, χρήματα ἡμῖν.

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. O heroe homérico: liñas principais da súa acción e personalidade.
2. Liñas básicas do mito de Edipo e o seu significado trágico.

OPCIÓN 2: PLATÓN

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

CRITÓN ANUNCIA A CHEGADA DO BARCO COA CONDENA DE SÓCRATES

Κριτών.- Οὗτοι δὴ ἀφίκται τὸ πλοῖον, ἀλλὰ ἤξει τήμερον ἐξ ᾧν ἀπαγγέλλουσιν ἤκοντές τινες ἀπὸ Σουνίου. δῆλον οὖν ἐστὶ ὅτι ἤξει τήμερον, καὶ ἀνάγκη δὴ εἰς αὔριον ἔσται, ᾧ Σώκρατες, τὸν βίον σε τελευτᾶν.

NOTAS. 1. ἀφίκται, perfecto de ἀφικνέομαι. 2. Σουνίου, de Σούνιον, Σουνίου, (o cabo) Sunion.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. Análise morfolóxica de ἀπαγγέλλουσιν e ἔσται.
2. Análise sintáctica de ἀνάγκη ἔσται τὸν βίον σε τελευτᾶν.
3. Cite e explique algunhas palabras de vocabulario actual relacionadas con βίος 'vida'.
4. Causas do xuízo de Sócrates.

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. O heroe homérico: liñas principais da súa acción e personalidade.
2. Liñas básicas do mito de Edipo e o seu significado trágico.

GREGO II

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

ASTIAXES DEIXA QUE CIRO VAIA CAZAR

Ἐπεὶ δ' οὖν ἔγνω ὁ Ἀστυάγης Κῦρον σφόδρα ἐπιθυμοῦντα ἔξω θηρᾶν, ἐκπέμπει αὐτὸν σὺν τῷ θείῳ καὶ φύλακας συμπέμπει ἐφ' ἵππων, ὅπως ἀπὸ τῶν δυσχωριῶν φυλάττειεν αὐτὸν.

NOTAS. 1. ἔγνω, aoristo de γινώσκω; deste verbo depende a oración de participio Κῦρον ... ἐπιθυμοῦντα 2. Ἀστυάγης, Astiaxes (rei persa), Κῦρος, Ciro (rei persa). 3. A conxunción ὅπως ten valor final, “para que”.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. Análise morfolóxica de φυλάττειεν.
2. Obras de Xenofonte.
3. Episodios principais na relación entre gregos e persas.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con ἵππος ‘cabalo’ e con αὐτός ‘el mesmo’.

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. Temas e ambientes nos poemas de Alceo.
2. Características principais do heroe homérico.

OPCIÓN 2: PLATÓN

I.- TRADUCCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

PARA PLATÓN A POESÍA RESULTA DE INSPIRACIÓN DIVINA.

Πάντες γὰρ οἱ τῶν ἐπῶν ποιηταὶ οἱ ἀγαθοὶ οὐκ ἐκ τέχνης ἀλλ' ἐνθεοὶ ὄντες καὶ κατεχόμενοι πάντα ταῦτα τὰ καλὰ λέγουσι ποιήματα, καὶ οἱ μελοποιοὶ οἱ ἀγαθοὶ ὡσαύτως.

NOTAS. 1. οἱ τῶν ἐπῶν ποιηταὶ, “os poetas épicos”, οἱ μελοποιοὶ, “os poetas líricos”. 2. λέγουσι, “cantan, recitan”, mellor que “din”.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. Analice morfolóxicamente ὄντες e λέγουσι.
2. Liñas fundamentais do pensamento de Platón.
3. Función social dos poetas e da poesía en Grecia.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con τέχνη ‘arte’ e καλός ‘fermoso’.

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. Temas e ambientes nos poemas de Alceo.
2. Características principais do heroe homérico.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

De acordo co programa vixente, o labor de tradución, de coñecemento práctico da lingua grega, considérase básico e non substituíble por ningunha outra de estudos literarios, lingüísticos, histórico-culturais etc. En consecuencia, dos DEZ (10) puntos posibles reservaranse **SETE (7)** para a cualificación da tradución; as respostas ao temario contribuirán á cualificación final cun máximo de **DOUS (2)** puntos; a pregunta sobre a lectura de obras literarias cualificarase como máximo **CUN (1)** punto.

Na **TRADUCIÓN** consideraranse faltas os erros cometidos tanto na interpretación gramatical (morfoloxía e sintaxe) como na léxica (erro na

consulta do dicionario). Valorarase positivamente a corrección e soltura sintáctica da tradución.

Nas **PREGUNTAS** valorarase tanto o contido –cantidade e calidade de coñecementos- como a forma en que son expostos -corrección e soltura léxica, sintáctica, ortográfica etc.-.

Lémbrese tamén que en ningún caso será válido que o alumnado traduza o texto dunha opción e responda ás preguntas da outra opción.

É evidente que un exame en branco será cualificado con **CERO (0)** puntos.

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

ALCIBÍADES ANIMA OS ATENIENSES A LOITAR.

Ó día seguinte Alcibiades fixo unha asemblea e animounos dicíndolles que era forzoso combater por mar, combater en terra (ou con infantaría) e combater contra as obras defensivas (ou facer o asalto); pois non temos, dixo, recursos, pero os inimigos téñenos abundantes de parte do rei.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS

1.- RELACIÓN ENTRE A OBRA DE XENOFONTE E A DE TUCÍDIDES.

Nas chamadas *Helénicas* Xenofonte é continuador da *Historia* na que Tucídides narrou e analizou a chamada *Guerra do Peloponeso*, guerra de Atenas e os seus aliados contra Esparta e os seus aliados entre os anos 431 e 404 a.C. A narración de Tucídides, ademais dunha excelente exposición dos antecedentes e das causas da guerra, chega ó ano 411 a.C. e foi completada por outros autores e, sobre todo, por Xenofonte, que nas *Helénicas* chega ata o ano 362 a.C. A superioridade de Tucídides é manifesta, tanto no terreo de estilo e composición como, sobre todo, na análise e na crítica dos feitos, das súas causas e das súas consecuencias, pero en Xenofonte tamén hai boa información e notables acertos narrativos, por exemplo, da derrota definitiva de Atenas en Egospótamos.

2.- QUE SABE DE ALCIBÍADES?

Alcibiades, s. V a.C., ateniense da familia dos Alcmeónidas, unha das mais importantes da aristocracia, foi discípulo de Platón, que o fai intervir nalgúns dos seus diálogos e mesmo titula *Alcibiades* dous diálogos (que parte da crítica considera apócrifos). Alcibiades, notable orador, tivo moi activa intervención na política e nas campañas de Atenas (Guerra do Peloponeso), pero, máis que por éxitos positivos para a súa cidade, é famoso porque, acusado de impiedade polos seus inimigos atenienses, fuxiu a Esparta e logo a territorio persa, facendo política e campaña militar contra Atenas; regresou á súa cidade e tivo notable intervención nos asuntos da guerra contra Esparta, pero foi desterrado por segunda vez. Alcibiades é o arquetipo do home intelixente, brillante, pero cínico, sen escrúpulos.

3.- QUE DESENLACE E CONSECUENCIAS TIVO O CONFLITO ENTRE ATENAS E ESPARTA?

A victoria de Esparta e aliados sobre Atenas na Guerra de Peloponeso puxo fin ó imperialismo ateniense baseado no dominio do mar (talasocracia) e significou tamén un auxe das formas oligárquicas de goberno en prexuízo das formas democráticas, pero

a consecuencia esencialísima foi a creba definitiva da articulación do espazo político helénico nunha ampla pluralidade de *póleis* ou ‘cidades estado’ independentes: abriuse un novo horizonte de unidade que, despois de hexemonías curtas -por exemplo, a de Tebas- e de ligas e confederacións diversas, vai desembocar na unidade plena do mundo helénico, o *Helénismo*, baixo Filipo de Macedonia e o seu fillo Alexandre Magno.

4.- ANALICE SINTACTICAMENTE: Οὐ γὰρ ἔστιν, ἔφη, χρήματα ἡμῖν.

O suxeito plural neutro *χρήματα* ten en singular o verbo *ἔστιν*, con negación *οὐ* e con dativo posesivo *ἡμῖν*; o verbo *ἔφη* é oración independente, unha paréntese dentro da outra oración.

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. O HEROE HOMÉRICO: LIÑAS PRINCIPAIS DA SÚA ACCIÓN E PERSONALIDADE.

Aristocracia, con *ἀρετή* ou ‘excelencia’ (mellor que ‘virtude’) que se proba no consello e na elocuencia e noutras capacidades e circunstancias da vida social e, sobre todo, no valor guerreiro con feitos que dan *κλέος ἄφθιτον* ou ‘gloria indestructible’. Exaltación da amizade e da vida familiar. Necesidade de evitar toda acción ou omisión que poida producir vergonza ou censura social, pero pouco o ningún control dos afectos e das paixóns, e o caso máis destacado é o de Aquiles e a súa cólera, anoxado por se ver privado da súa escrava Briseida. No terreo das habelencias e astucias para fuxir de perigos varios e vencer os seus inimigos é notable Odiseo.

2. LIÑAS BÁSICAS DO MITO DE EDIPO E O SEU SIGNIFICADO TRÁXICO

Tendo como guía principal o “Edipo Rei” de Sófocles podemos considerar que Edipo é un exemplo do home que cae nunha rede de desgrazas das que é suxeito activo, pero involuntario ou inconsciente: mata o seu pai, casa coa súa nai e, cando en castigo destes crimes a desgraza e a peste caen sobre Tebas, Edipo é o rei bo e xusto que vai descubrir que el é o culpable de todo. Edipo castígase coa cegueira e co desterro. O contraste brutal entre Edipo rei xusto e sabio e Edipo caído na desgraza fai que o Coro remate a traxedia coa reflexión de que non se pode ter por feliz ningún mortal ata que acabe a súa vida.

OPCIÓN 2: PLATÓN

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

CRITÓN ANUNCIA A CHEGADA DO BARCO COA CONDENA DE SÓCRATES

Critón.- Non chegou o barco, pero virá hoxe polo que anuncian algúns que veñen de Sunio; polo tanto

Exemplos de resposta / Solucións

é evidente que virá hoxe e será forzoso, Sócrates, que mañá ti remates a túa vida.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. ANÁLISE MORFOLÓXICA DE ὀπαγγέλλουσιν ἔσται.

ὀπαγγέλλουσιν: terceira persoa de plural, presente de indicativo, voz activa, verbo ὀπαγγέλλω: preverbio ὀπ-, raíz ἄγγελλ-, en -ουσι hai amálgama de vocal temática -ο- e desinencia primaria de terceira persoa de plural *-ντι: *-οντι > -ουσι > -ουσι.

ἔσται: terceira persoa de singular do futuro do verbo εἶμι: raíz ἔσ-, desinencia -ται.

2. ANÁLISE SINTÁCTICA DE ἀνάγκη ἔσται τὸν βίον σε τελευτῶν.

Na oración de infinitivo τὸν βίον σε τελευτῶν o pronome σε é suxeito, τελευτῶν é verbo en infinitivo e τὸν βίον é o complemento directo; ademais, esta oración de infinitivo é suxeito do verbo ἔσται e ten ἀνάγκη como predicado.

3. CITE E EXPLIQUE ALGUNHAS PALABRAS DE VOCABULARIO ACTUAL RELACIONADAS CON βίος 'VIDA'.

Biología ou conxunto de ciencias que estudan os seres vivos (*Biofísica*, *Bioquímica* etc.). *Biosfera* ou parte da esfera terrestre na que hai vida. *Biografía* ou relato da vida dunha persoa.

4. CAUSAS DO XUÍZO DE SÓCRATES.

Sócrates, condenado no ano 399 a.C. a morrer bebendo a cicuta, foi inxustamente acusado de non respectar os deuses da cidade e tamén de corromper a xuventude. En realidade Sócrates pagou culpas alleas, a saber, a crise de Atenas pola derrota total ante Esparta cinco anos antes e a xenreira que os sectores conservadores e tradicionalistas de Atenas tiñan contra a intelectualidade ilustrada e crítica dos valores tradicionais, en especial, contra os sofistas;

Sócrates nunca foi sofista, pero o seu maxisterio fortemente crítico e renovador, en especial a súa *ironía*, non o podía facer home grato para a maioría dos cidadáns: no comediógrafo Aristófanes, *Nubes*, pódese ver unha sátira, tan graciosa como inxusta e errada, de Sócrates e o seu círculo.

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. O HEROE HOMÉRICO: LIÑAS PRINCIPAIS DA SÚA ACCIÓN E PERSONALIDADE

Aristocracia, con ἄρετή ou 'excelencia' (mellor que 'virtude') que se proba no consello e na elocuencia e noutras capacidades e circunstancias da vida social e, sobre todo, no valor guerreiro con feitos que dan κλέος ἄφθιτον ou 'gloria indestrutible'. Exaltación da amizade e da vida familiar. Necesidade de evitar toda acción ou omisión que poida producir vergonza ou censura social, pero pouco o ningún control dos afectos e das paixóns, e o caso máis destacado é o de Aquiles e a súa cólera, anoxado por se ver privado da súa escrava Briseida. No terreo das habelencias e astucias para fuxir de perigos varios e vencer os seus inimigos é notable Odiseo.

2. LIÑAS BÁSICAS DO MITO DE EDIPO E O SEU SIGNIFICADO TRÁXICO

Tendo como guía principal o "Edipo Rei" de Sófocles podemos considerar que Edipo é un exemplo do home que cae nunha rede de desgrazas das que é suxeito activo, pero involuntario ou inconsciente: mata o seu pai, casa coa súa nai e, cando en castigo destes crimes a desgraza e a peste caen sobre Tebas, Edipo é o rei bo e xusto que vai descubrir que el é o culpable de todo. Edipo castígase coa cegueira e co desterro. O contraste brutal entre Edipo rei xusto e sabio e Edipo caído na desgraza fai que o Coro remate a traxedia coa reflexión de que non se pode ter por feliz ningún mortal ata que acabe a súa vida.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

ASTIAXES DEIXA QUE CIRO VAIA CAZAR

Despois que Astiaxes soubo que Ciro desexaba vivamente cazar fóra, envíao co seu tío e envía tamén gardas a caballo para que o protexan dos lugares difíciles.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. ANÁLISE MORFOLÓXICA DE φυλόπτειν.

Terceira persoa do plural do presente de optativo activo de φυλόπτω: Tema de presente φυλαπτ-,

sufixo de optativo temático -ου-, desinencia secundaria de terceira persoa de plural, voz activa, -(ε)ν.

2. OBRAS DE XENOFONTE.

"*Anábasis*", crónica da expedición e retirada de mercenarios gregos ó servizo do persa Ciro o Novo; "*Ciropeia*", biografía de Ciro o Grande, con atención á súa educación e mais a como foi modelo de príncipes e gobernantes; "*Memorias de Sócrates*" e "*Apoloxía de Sócrates*": sobre este filósofo, as súas ensinanzas e a súa inxusta condena a morte; "*Helénicas*", que continúan a narración da Guerra do Peloponeso entre Esparta e Atenas, narración que

Exemplos de resposta / Solucións

Tucidides deixara interrompida; “*Constitución dos lacedemonios*”, sobre as virtudes das constitucións de fasquia oligárquica e aristocrática, “*Económico*”, sobre a administración da facenda doméstica; “*Tratado de hípica*” etc.

3. EPISODIOS PRINCIPAIS NA RELACIÓN ENTRE GREGOS E PERSAS.

1) A extensión do imperio persa ata o mar Exeo no século VI a.C. exerce dominio sobre algunhas cidades gregas que, encabezadas por Mileto, se rebelan e son castigadas. A reacción e resistencia de Atenas, Esparta e outras cidades xera as chamadas *Guerras Médicas*, con derrota dos persas en Maratón (490 a.C.), derrota dos espartanos e outros gregos nas Termópilas (480 a.C.), pero vitorias definitivas dos atenienses na batalla naval de Salamina (480 a.C.), dos espartanos en Platea (479 a.C.) e dos atenienses e outros en Micala (479). Destas *Guerras Médicas* temos relato detallado na *Historia* de Heródoto.

2) Na *Anábese* de Xenofonte cóntasenos a historia dos mercenarios gregos que axudaban ó persa Ciro o Novo na loita contra o seu irmán o rei Artaxerxe II. A derrota e morte de Ciro na batalla de Cunaxa (401 a.C.), preto de Babilonia, causa que os gregos teñan unha accidentada retirada ata chegar, en marzo do 400 a.C., ó mar Negro (Trapezunte). Aínda que sempre se fala da “Anábese dos dez mil”, en realidade eran trece mil os mercenarios gregos e regresaron vivos máis de oito mil.

3) O último grande episodio nos encontros de gregos e persas é a expedición militar de Alexandre Magno, que entre os anos 334 e 325 a.C. derrota en varias batallas, en especial a de Gaugamela (Mesopotamia, 331 a.C.), ó rei Darío III e a varios dos seus sátrapas, e chega nas súas conquistas ata o val e delta do río Indo.

Con Alexandre, morto no 323 a.C., ábrese o chamado helenismo, expansión da lingua e cultura gregas a toda Asia Menor e Oriente Próximo e Medio, coas cidades de Alexandría (fundación de Alexandre, 332 a.C.) en Exipto, Pérgamo en Asia Menor e Damasco en Siria como capitais dos reinos chamados dos *Diádocos* ou sucesores de Alexandre.

4. CITE E EXPLIQUE ALGÚNS EXEMPLOS DE VOCABULARIO ACTUAL RELACIONADOS CON ἵππος ‘CABALO’ E CON αὐτός ‘EL MESMO’.

ἵππος: *hipo-* en compostos como *hipocampo* ou cabaliño de mar; *hipódromo*, pista para carreiras de cabalos; *hipopótamo* ou ‘cabalo de río’; adxectivo *hípico*, *hípica*, ‘relativo ó cabalo’: concurso *hípico*, deporte *hípico*...

αὐτός: *autobiografía*, vida dunha persona escrita por ela mesma; *autobombo*, eloxio desmesurado que fai un de si mesmo; *autocracia*, sistema de goberno no que a vontade dun só home é a suprema lei; *autóctono*, *autónomo*, *autonomía*, *autógrafo*,

autómata, *automóvil*...

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. TEMAS E AMBIENTES NOS POEMAS DE ALCEO.

Illa de Lesbos, s. VII-VI a.C., de poboación e dialecto eólicos. A loita entre bandos aristocráticos e contra os tiranos -tamén aristócratas-, con poemas nos que a cidade e o bando político propio en loita contra os rivais son comparados coa nave que sofre os embates do mar tormentoso: é a imaxe da “nave do estado” que callou na literatura e mais na linguaxe política de Europa; denuncia e inxuria do inimigo no poder, queixa do vencido e exiliado. Tamén celebración do banquete aristocrático, da amizade, do amor e do viño en poemas nos que se quere dar unha lección ou experiencia. Himnos ós deuses e heroes. Abundante e esencial emprego de materiais míticos, en especial os procedentes da épica homérica.

2. CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO HEROE HOMÉRICO.

Aristocracia, con ὄρετή ou ‘excelencia’ (mellor que ‘virtude’) que se proba no consello e na elocuencia e noutras capacidades e circunstancias da vida social e, sobre todo, no valor guerreiro con feitos que dan κλέος ἄφθιτον ou ‘gloria indestrutible’. Exaltación da amizade e da vida familiar. Necesidade de evitar toda acción ou omisión que poida producir vergonza ou censura social, pero pouco ou ningún control dos afectos e das paixóns, e o caso máis destacado é o de Aquiles e a súa cólera, anoxado por se ver privado da súa escrava Briseida. No terreo das habelencias e astucias para fuxir de perigos varios e vencer os seus inimigos é notable Odiseo.

OPCIÓN 2: PLATÓN

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

PARA PLATÓN A POESÍA RESULTA DA INSPIRACIÓN DIVINA.

Pois os poetas épicos, os bos, non din todos eses fermosos poemas por arte senón porque están inspirados pola divindade e posuídos, e outro tanto os poetas líricos, os bos.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. ANALICE MORFOLOXICAMENTE ὄντες e λέγουσι.

ὄντες, participio de presente de εἶμι ‘ser’, nominativo de plural, masculino. Raíz perdida por evolución fonética *s-, vogal temática -ο-, sufixo de participio -ντ-, desinencia de nominativo de plural -ες.

λέγουσι, presente de indicativo, activo, terceira persona de plural. Tema de presente λεγ-; en -ουσι hai amalgama de vogal temática -ο- e desinencia primaria de terceira persoa de plural *-ντι: *-οντι > -ονσι > -ουσι.

2. LIÑAS FUNDAMENTAIS DO PENSAMENTO DE PLATÓN.

Como discípulo de Sócrates, entende que o mal é consecuencia da ignorancia e que a virtude poder ser obxecto de ensinanza e aprendizaxe. O coñecemento verdadeiro, superior á simple opinión recta que pode ter o común da xente, vén do estudo, en especial do estudo da dialéctica ou método de preguntas e respostas para poñer en evidencia o error e chegar á verdade. Platón supón un mundo ideal ou das ideas eternas e inmutables que debe ser o obxectivo do noso coñecemento; desas ideas son mero reflexo as realidades do mundo que nos rodea. A nosa alma inmortal, antes de se encadear nun corpo mortal, viviu nese mundo ideal do que pode ter memoria ou 'reminiscencia' a través da filosofía: así pode chegar a coñecer e amar o Ben, que é a idea suprema. Punto importante da filosofía de Platón é o seu pesimismo político e a proposta de que non haberá bo goberno da *pólis* se os gobernantes non filosofan ou os filósofos non gobernan. O idealismo e a súas consecuencias nos esquemas políticos e de goberno que Platón propuxo fan deste filósofo un dos modelos ou inspiradores dos sistemas sociais de corte totalitario ou cerrado.

3. FUNCIÓN SOCIAL DOS POETAS E DA POESÍA EN GRECIA.

O autor e o cantor de poemas épicos, é dicir, o *aedo* e o *rapsodo*, teñen unha alta estimación social porque a través deles falan as musas; Hesíodo séntese con autoridade mesmo para rifar cos reis que abusan do pobo e dan sentenzas inxustas. A voz do poeta lírico e os seus poemas terán aceptación ou rexeitamento segundo sexan o contido destes e a actitude do público oínte no caso, por exemplo, de poemas de contido político: Solón e as súas elexías sobre as reformas lexislativas que impuxo en Atenas; Teognis e as súas elexías queixosas do devalo da aristocracia e do ascenso social e económico das clases populares; o tamén aristócrata Alceo e as súas xenreiras e inxurias contra os inimigos que o botan ó exilio e instauran a tiranía en Lesbos; hai poemas de incitación ó valor, á loita e mesmo a dar a vida no combate pola cidade: os poemas de Tirteo para os espartanos en guerra cos mesenios, os de Calino en Éfeso ante a ameaza dos bárbaros cimerios etc. Capítulo importantísimo do relevo social que ten o poeta e da altísima valoración que el mesmo fai da súa arte témolo sobre todo en Píndaro, e tamén nos outros autores de *epinicios*, é dicir, nos cantos corais que fan inmortal e panhelénica a gloria que acada o vencedor de competicións *olímpicas* etc. En xeral o poeta que cultiva temas que afectan á colectividade polos contidos e polas ocasións nas que o poema se canta ou se recita (materia épica e mítica, actualidade política, festas relixiosas ou profanas, festas públicas ou privadas, tamén situacións de dó e de pranto) ten en Grecia unha función social ou pública moi estimada e a poesía é o seu medio de vida.

Cómpre recordarmos que para Platón os poetas tiñan que ser expulsados da cidade por mentireiros, por mover afectos e paixóns contrarios ós que debe ter un bo cidadán e porque o que fan nos seus poemas, figuras e temas non é máis que unha imitación de segunda clase da que non se gaña coñecemento verdadeiro e útil para o individuo e para a comunidade.

4. CITE E EXPLIQUE ALGÚNS EXEMPLOS DE VOCABULARIO ACTUAL RELACIONADOS CON τέχνη 'ARTE' E καλός 'FERMOSO'.

τέχνη, ademais de *técnica*, saber ou conxunto de saberes prácticos ou aplicados, os compostos como *tecnoloxía*, *tecnocracia*... alusivos ó manexo deses saberes, ó seu predominio na xestión de asuntos públicos... Tamén compostos con final *-tecnia*: *mercadotecnia*, *luminotecnia*, *electrotecnia*, *pirotecnia*... ou *técnicas* do mercado, da iluminación, da electricidade, dos fogos de artifício... Chámase *tecnicismo* a palabra propia do vocabulario dunha *técnica*.

καλός, *caligrafía*, arte de escribir correctamente; *calistenia*, ximnasia para ter musculatura forte ou fermosa; *calóptero*, que ten ás fermosas.

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. TEMAS E AMBIENTES NOS POEMAS DE ALCEO.

Illa de Lesbos, s. VII-VI a.C., de poboación e dialecto eólicos. A loita entre bandos aristocráticos e contra os tiranos -tamén aristócratas-, con poemas nos que a cidade e o bando político propio en loita contra os rivais son comparados coa nave que sofre os embates do mar tormentoso: é a imaxe da "nave do estado" que callou na literatura e mais na linguaxe política de Europa; denuncia e inxuria do inimigo no poder, queixa do vencido e exiliado. Tamén celebración do banquete aristocrático, da amizade, do amor e do viño en poemas nos que se quere dar unha lección ou experiencia. Himnos ós deuses e heroes. Abundante e esencial emprego de materiais míticos, en especial os procedentes da épica homérica.

2. CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO HEROE HOMÉRICO.

Aristocracia, con ἀρετή ou 'excelencia' (mellor que 'virtude') que se proba no consello e na elocuencia e noutras capacidades e circunstancias da vida social e, sobre todo, no valor guerreiro con feitos que dan κλέος ἄφθιτον ou 'gloria indestrutible'. Exaltación da amizade e da vida familiar. Necesidade de evitar toda acción ou omisión que poida producir vergonza ou censura social, pero pouco ou ningún control dos afectos e das paixóns, e o caso máis destacado é o de Aquiles e a súa cólera, anoxado por se ver privado da súa escrava Briseida. No terreo das habelencias e astucias para fuxir de perigos varios e vencer os seus inimigos é notable Odiseo.